



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Public 2980



B I B L I O T E C A X E R A L

M E M O R I A 1990

A Biblioteca Xeral (BX), ademais das súas funcións como centro bibliotecario, desenrola as actividades de dirección e coordinación do conxunto do sistema bibliotecario da Universidade, ó tempo que realiza servicios / xerais para tódolos centros na medida en que éstos poden ser rentabilizados dun xeito máis operativo ó estaren centralizados.

Con obxecto de globaliza-la información das diversas Memorias das / Bibliotecas da Universidade, en próximos anos ésta será unha Memoria non só / da BX senón da BU. Para isto no presente ano elaboráronse instrucións co fin de sistematiza-la recollida de datos nas Bibliotecas de Centro, o que nos permitirá ter índices comparables nos diversos apartados analizados.

A creación das novas Universidades galegas modificou sustancialmente o mapa bibliotecario, reducíndose o número de Bibliotecas, aínda que algúns dos nosos servicios siguen prestándose en iguais condicións que con anterioridade. Sería desexable a sinatura de Convenios que regularizasen a colaboración nestes casos.

Este novo mapa bibliotecario produxo certas disfuncións no funcionamento da Comisión da BU, xa que a composición contemplada no Regulamento non se corresponde á realidade universitaria actual. Por isto, no primeiro trimestre do ano 1990 constituíuse unha Comisión extraordinaria que traballou sobre a reforma do Regulamento. Dado que a Presidencia da Comisión permanece sin cubrir dende o cambio de Equipo Rectoral, interrumpíronse os seus traballos, // agardándose que se reanuden no primeiro trimestre de 1991.

Dende o punto de vista económico, o ano 1990 foi o primeiro en que a BU contou con presuposto ordinario para equipamento, o que permitiu dotar a tódalas Bibliotecas de Facultade que carecían deles de lectores-reproductores de microformas. As Bibliotecas que posúen fontes de información disponibles en CD-ROM foron dotadas de equipos para a súa consulta. Fixéronse tamén adquisicións de mobiliarios e outros equipos, especialmente para Bibliotecas que tiveron ampliacións ou remodelacións de espazos.

Asimesmo, por primeira vez cancelouse o deficit no presuposto de / publicacións periódicas da BU, deficit que viña sendo arrastrado dende 1986. O crecemento deste presuposto, a baixa na cotización do dolar e o incremento de carácter extraordinario feito polo Vicerrectorado de Asuntos Económicos / permitiu a ampliación do número de suscripcións en 469 novos títulos, así como inicia-la substitución de soportes impresos por soportes CD-ROM nas fontes bibliográficas existentes nas Bibliotecas dos Centros.

Polo tanto, gracias ás milloras presupostarias, prodúxose un avance cara á introducción de novas tecnoloxías de almacenamento e recuperación da información. Non se avanzou na medida prevista, nembargantes, na automatización da xestión da Biblioteca. Durante 1990 realizouse o concurso para a adquisición da aplicación para a automatización da Biblioteca, como resultado do cal adquiriuse o sistema integrado SABINI. A fins de ano publicouse o concurso para a adquisición do hardware, concurso que aínda está sin resolver. Por outra parte permanécese á espera das decisións do Equipo Rectoral en relación ó persoal que vai reforza-las plantillas da BU para acomete-lo proxecto e dos plans concretos de actuación para os próximos anos.

Dado que o programa adquirido carece de módulo para a xestión de Préstamo Interbibliotecario, decidiuse desenvolver na propia Universidade unha aplicación para estas tarefas. Non foi posible levar adiante este traballo, posto que aínda a Biblioteca non conta con persoal informático, aínda que sí con colaboracións puntuais do Centro de Cálculo da Universidade.

Cara á reconversión dos catálogos manuais da Biblioteca, nos meses de novembro e decembro mantivéronse unha serie de contactos co Servicio de Bibliotecas da Xunta de Galicia, nos que se elaborou unha proposta para ser presentada pola Subdirección de Bibliotecas á Comisión do V Centenario. Nesta proposta contéplase a reconversión dos catálogos da Biblioteca América e de parte dos Catálogos impresos da BU a soporte informático.

Neste ano foise asentando o funcionamento da Rede de Bibliotecas Universitarias (REBIUN), creada en 1989 e na que participa esta BU. O día 10 de setembro firmouse o acordo definitivo polos Rectores de 9 Universidades. Os traballos realizados pola Rede foron dirixidos ó Préstamo Interbibliotecario e á posta en marcha dun proxecto de elaboración dun CD-ROM contendo os catálogos informatizados das Bibliotecas participantes, o que ademais de facilita-lo Préstamo Interbibliotecario, permitirá compartir recursos catalográficos. A CICYT concedeu unha axuda de 5.000.000 pts. para o inicio deste proxecto.

A Rede Matemática DOCUMAT, na que esta BU participa ó traveso da Biblioteca da Facultade de Matemáticas, realizou a súa xuntanza do mes de xuño nesta Universidade, xuntanza na que se trataron problemas derivados das coleccións de revistas matemáticas dentro das Bibliotecas da rede, catálogo colectivo das mesmas e facturación do Préstamo Interbibliotecario.

PRESUPOSTO E INVESTIMENTOS

O presuposto da BX aprobado pola Xunta de Goberno para o exercicio económico de 1990 foi:

Capítulo 2: 20.091.016.-

Capítulo 6: 21.000.000.-

Segundo a contabilidade interna da Biblioteca, ó carecerse nesta data de datos do Servicio de Contabilidade, ó peche do exercicio económico o / estado dos capítulos e aplicacións presupostarias é como sigue:

Capítulo 6:

Aplicación 608

Crédito inicial: 19.000.000.-

Remanente 1989: 20.263.-

Axuda Xunta de Galicia: 450.000.-

TOTAL: 19.470.263.-

Este crédito investiuse do seguinte xeito:

Monografías da Sección de Información Bibliográfica: 6.059.756.-

Fondos xerais: 5.639.498.-

Fondos da Sección de Préstamo a domicilio: 2.871.086.-

Fondos da Sección Galicia: 1.612.397.-

Facsímiles: 2.016.875.-

Prensa diaria: 873.511.-

Microfilmación de prensa de Galicia: 414.256.-

TOTAL: 19.487.379.-

Saldo: - 17.116.-

Hai que ter en conta que a BX investiu tamén 4.306.372.- pts en suscripcións de publicacións periódicas sobre o presuposto global da BU para estes materiais bibliográficos.

Aplicación 605

Crédito inicial: 2.000.000.-

Remanente 1989: 1.208.242.-

Transferencias positivas: 2.000.000.-

TOTAL: 5.208.242.-

Investimentos: 1.126.822.-

Saldo: 4.081.420.-

Os investimentos realizados con este crédito foron moi pequenos posto que durante todo o ano se permaneceu agardando a decisión do Equipo Rectoral so-

bre a ampliación das instalacións da Biblioteca, reservándose o crédito para a moblaxe destes previsibles novos espacios.

Capítulo 2

Preséntase a continuación unha visión global deste capítulo, xa que nel tódalas aplicacións están vencelladas. Hai que resaltar que este capítulo inclúe dende inversións de calefacción e mantemento do edificio ata inversións de mantemento das coleccións bibliotecarias e pagos de servicios como o préstamo interbibliotecario.

Crédito inicial:	20.091.016.-
Incremento crédito:	711.187.-
Ingresos:	1.304.746.-
Ingresos por cargos e facturación:	1.727.820.-
Ingresos por cargos e facturación pendentes de execución:	1.090.003.-
	<hr/>
TOTAL:	24.924.772.-
Transferencias negativas:	2.000.000.-
Investimentos:	21.972.816.-
Saldo:	951.956.-

DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIONS

No ano 1990 a BX seguiu tendo como liñas prioritarias as de desenvolvemento da sección de obras de referencia xeral e interdisciplinar, fondo galego, coleccións interdisciplinares de apoio á docencia e a formación integral dos alumnos, superando o carácter especializado das Bibliotecas de Centros, e fondo histórico.

Na sección de obras de referencia fixéronse adquisicións por un importe de 10.218.730 pts., das que 4.200.000 pts. aproximadamente foron en pago a suscripción de repertorios de carácter periódico. Seguiuse aumentando / o número de repertorios en soporte CD-ROM, estando neste momento dispoñibles as seguintes bases de datos:

- Bases de datos del CSIC
- Bibliografía Latinoamericana en CD-ROM
- Bibliographie Nationale française depuis 1975 sur CD-ROM
- Boston Spa Serials CD-ROM
- Dissertation Abstracts Ondisc CD-ROM
- Myriade
- Science Citation Index CD-ROM
- Social Sciences Citation Index CD-ROM
- Ulrich's Plus CD-ROM

Ademais destas bases e de mante-las actualizacións dos catálogos / dalgunhas grandes Bibliotecas, xa existentes na sección (NUC, British Library, etc.), adquiríronse importantes fontes de información como:

- Catálogo de Publicaciones Periódicas de la Biblioteca Nacional / de Madrid
- Catálogo de Monografías de la Biblioteca Nacional de Madrid
- Deutsche Staatsbibliothek de Berlin. Alphabetical catalog ...
- Books at Boston Spa.

O fondo galego en curso recíbese gratuitamente na Biblioteca, ó / ser ésta depositaria do Depósito Legal, de acordo ó Convenio asinado coa / Xunta de Galicia. A BX adquire cos seus presupostos duplicados dos títulos de uso máis frecuente e fondos retrospectivos que lle permitan avanzar cara a exhaustividade desta sección. Destaca-lo interés dalgunhas edicións da / Condesa de Pardo Bazán e Alvaro Cunqueiro, así como os facsímiles do Tio Marcos da Portela e de Galicia: Diario de Vigo.

En resumen o subsistema de adquisicións presenta en 1990 os seguintes datos:

I. Monografías

Nº total de títulos ingresados: 4.753

- Por compra: 2.912
- Por donativo: 1.140
- Por intercambio: 103
- Por Depósito Legal: 598

Destes títulos, 1942 foron fondos galegos, 1.110 fondos destinados á sección de préstamo e 131 fondos da FAO.

II. Publicacións periódicas

Nº total de títulos abertos: 865

- Por suscripción: 144
- Por donativo: 195
- Por intercambio: 94
- Publicados pola propia Universidade: 7
- Por Depósito Legal: 425

Das 144 publicacións recibidas por suscripción, 49 son fontes de información e referencia, incluídos os 9 CD-ROMs. Dos títulos recibidos por donativo, 23 integráronse nas coleccións da Biblioteca América e 22 nos fondos da FAO, organismo do que a BX é depositaria das súas publicacións.

Ademais destas adquisicións da BX, o departamento de Publicacións / periódicas realiza a xestión económica do conxunto de títulos de revistas / existentes nas Bibliotecas de Centros desta Universidade.

Xunto con estes ingresos a BX recibiu as coleccións de revistas duplicadas da Facultade de Filosofía e CC. da Educación e prensa periódica da Facultade de CC. Económicas e Empresariais.

O mantemento das coleccións existentes, de particular importancia nesta Biblioteca polos seus fondos históricos, seguiu desenrolando 3 liñas / de traballo e engadiu 1 nova:

- Limpezas e reparacións de fondos, que se levou adiante ó traveso dunha empresa que desenrolou unha xornada de traballo semanal nestas tarefas. Invertíronse neste labor 515.780 Pesetas.

- Continuación do programa de microfilmación da prensa antiga de Galicia, programa que ó depender de empresas privadas con pouca capacidade de / traballo vai máis lento do que sería desexable, como xa se resaltaba na Memoria de 1989. Microfilmáronse este ano os seguintes fondos:

- El Alcance
- Diario de Galicia
- El Noticiero Gallego
- El Pensamiento Gallego
- La Voz del Pueblo

Agardamos que en 1991 poida asumir este traballo SERVIMAV, o que / ademais de abarata-los costes, redundaría nunha maior celeridade da microfilmación, para poder empezar a poñer en marcha outras fases deste programa.

- Encadernación, na que se invertiron 1.846.573 Pesetas.

- Inicio da substitución das publicacións periódicas diarias en papel por microformas. Avaliados os costes de almacenamento da prensa diaria / (encadernación e mantemento en depósito), concluíuse que era máis rentable / adquirir esta prensa en papel para a lectura diaria, e substituí-lo almacenamento pola adquisición da edición en microforma. En 1990 fíxose esta substitución con 6 títulos (La Voz de Galicia, El Correo Gallego, El Faro de Vigo, ABC, País e Vanguardia), que son aqueles que a Biblioteca tiña suscritos e / que ofertan edicións en microformas. Destes periódicos tan pronto chega á Biblioteca a correspondente edición microfilmada, elimínase a impresa que seven pasando para reciclaxe de papel a un taller dos alumnos da Facultade de Biología.

ORGANIZACION E PROCESOS TECNICOS

Na Memoria de 1989 sulíñábase a sobrecarga de traballo que afectaba ós departamentos encargados destas tarefas e a existencia de bolsas de / fondos sin catalogar procedentes de anos anteriores. A esta situación púdo-se facer frente relativamente en 1990 pola incorporación provisoria no mes / de xuño de funcionarios da derradeira oposición, bibliotecarios ós que dende aquí manifestamos o noso agradecemento pola súa colaboración, así como ós / doutros departamentos da BX que prestaron a súa axuda.

Os catálogos que mantén a Biblioteca son os seguintes:

- Topográfico de monografías
- Alfabético de autores e obras anónimas
- Alfabético de materias de acordo ó sistema da Universidade Laval
- Sistemático CDU
- Alfabético de materias de fontes de referencia
- Alfabético de autores de fondos galegos
- Alfabético de materias de fondos galegos
- Alfabético de títulos de publicacións periódicas
- Alfabético de materias de publicacións periódicas
- Topográfico de publicacións periódicas
- Alfabético de autores de artigos de publicacións periódicas referentes a Galicia
- Alfabético de materias de artigos de publicacións periódicas / referentes a Galicia.

No ano 1990 tratáronse os seguintes fondos:

I. Monografías

- Fondos xerais de nova adquisición: 2.780
- Fondos xerais retrospectivos: 482
- Fondos galegos de nova adquisición: 1.612
- Fondos galegos retrospectivos: 278
- Artículos de monografías referentes a Galicia: 304
- Manuscritos: 43

Hai que resaltar que se rematou coa bolsa de fondos xerais que estaba sin procesar e que se empezou a incorporación ós catálogos das monografías procedentes do Seminario Matemático Durán Loriga e do fondo antigo que se incorporou da Biblioteca da Facultade de Medicina.

Máis problemática resulta a incorporación dos fondos galegos sin / proceso, nos que existen grandes cantidades de folletos, e que resulta difícil poñer ó día coas actuais dotacións de plantilla. Non se prevé que isto / sexa posible antes da automatización da catalogación que paulatinamente debe permitir descargar ó persoal deste departamento das tarefas de mantemento de catálogos.

II. Publicacións periódicas

No ano 1990 incorporáronse 12.400 novos números de publicacións periódicas, que se desglosan como sigue:

Revistas galegas: 3.202
Boletíns Oficiais: 2.553
Prensa diaria: 2.491
Revistas extranxeiras: 2.454
Revistas españolas: 1.700

Catalogáronse 565 títulos, dos que 206 foron títulos novos, 262 recatalogacións, e 97 números soltos, na súa maioría procedentes do Depósito Legal.

Catalogáronse tamén 1.906 artigos de revistas referidas a Galicia. O vaciado das publicacións en curso dou orixe a 647 destas catalogacións, as revistas retrospectivas a 440 e o fondo da Biblioteca América a 819 catalogacións de artigos galegos.

Rematouse neste ano a catalogación e incorporación ós catálogos públicos das publicacións da Biblioteca América, incorporáronse tódalas publicacións procedentes do Seminario Matemático Durán Loriga (128 títulos), e a prensa diaria procedente da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, e / organizáronse as coleccións de prensa diaria procedentes do Depósito Legal.

Continuouse o rexistro de números soltos de publicacións referidas a Galicia, tarefa que se intentará rematar en 1991.

Por diversos problemas non pudo realizarse a edición do Catálogo / de Publicacións Periódicas da Biblioteca Universitaria, que incluírá os fondos abertos e pechados, e que agardamos saia en 1991.

SERVICIOS

As demandas de documentos orixinais para consulta foron 41.892. Puxéronse en servizo 30.268 documentos, sin incluír nesta cifra as consultas / dos fondos en acceso directo (Sección de Información e Referencia, colección de manuais na Sala de lectura, prensa diaria e colección de prensa galega na Hemeroteca). Esta cifra supón un incremento de 2.387 documentos sobre os datos de 1989, e un índice de satisfacción sobre as demandas do 72%. Esta proporción é nada máis que relativamente satisfactoria, xa que hai que ter en / conta que non se avalían nela demandas sobre lagoas bibliográficas que pode te-la Biblioteca, pois éstas non se expresan máis que a través das desideratas de novas adquisicións, das que os usuarios da BX non fan moito uso.

Dos 41.892 documentos, 14.730 foron solicitados para consultar nas propias instalacións da BX. Destas solicitudes cubríronse 13.847 nas Salas / de lectura, observándose unha diminución de consultas na Sala de lectura xeral (1989: 8.368; 1990: 6.980) e na Hemeroteca (1989: 5.242; 1990: 4.549), e un incremento considerable na Sala de Investigadores (1989: 981; 1990: 2.318).

O servizo de préstamo a domicilio atendeu 27.162 solicitudes, pero só foi capaz de satisfacer 16.421 (incremento dun 24% sobre 1989). Sin dúbida é o servizo máis deficitario da BX, tanto por estas cifras como polas condicións en que se fai ó usuario. A súa millora está pendente da automatización como xa se dixera na Memoria de 1989. Aínda así, hai que ter en conta as causas que impediron facer 10.741 préstamos (40% das solicitudes):

- 6.604 solicitudes (61%) foron rexeitadas por estas obras xa / emprestadas.
- 1.002 solicitudes (9%) foron rexeitadas por seren sobre obras anteriores a 1959, e polo tanto excluídas de préstamo a domicilio / ó encontrarse protexidas pola Lei de Patrimonio.
- 863 solicitudes (8%) foron rexeitadas por seren manuais da Sección de acceso directo que non saen da Biblioteca.
- 629 solicitudes (6%) foron rexeitadas por seren incorrectos os / datos proporcionados polos lectores para a identificación das / obras no impreso de solicitude (alteracións de números nas / sinaturas, etc.)

As restantes solicitudes rexeitadas fórono por diversas causas, / sempre en proporcións pouco significativas.

Ante estes datos, a primeira observación é a forte demanda que se produce sobre os mesmos documentos nas mesmas datas. Nunca será posible facer frente a este tipo de demandas por parte da BX, nin ésta debería asumir tal función, xa que os textos solicitados son obras de estudio que deben ser proporcionadas fundamentalmente polas Bibliotecas de Centros, reservándose a BX neste eido o papel de apoio a éstas e sobre todo o préstamo de coleccións que permitan ós alumnos a formación integral. De tódolos xeitos está en estudio reduci-lo tempo de préstamo destas obras, de xeito que un maior número de usuarios poidan acceder ós títulos máis demandados.

As porcentaxes indicadas para os outros casos de fracaso deberán / ser enfrentadas millorando a formación de usuarios, da que falaremos posteriormente.

Hai que destacar tamén que a demanda máis forte é de obras de lingüística e literatura, igual que ocorrira en 1989. Das 16.421 obras emprestadas, 5.000 foron destas materias. Non é posible facer un estudio pormenorizado desta demanda ó longo de todo o ano co actual sistema manual, pero sí se / fixo un sondeo sobre os textos literarios emprestados no primeiro trimestre / do ano 90. O resultado deste sondeo amosou que de 1.016 textos literarios emprestados, 455 (45%) correspondían a alumnos da Facultade de Filoloxía. É necesario, polo tanto, millora-las condicións de préstamo da Biblioteca desta / Facultade e aumentar nela o número de exemplares a disposición dos alumnos. / Neste sentido pasouse a correspondente observación á Dirección desa Biblioteca.

A continuación de lingüística e literatura, as materias máis prestadas foron:

- Ciencias Sociais: 2.402
- Xeografía e Historia: 2.276
- Ciencia: 1.863
- Arte: 1.832
- Filosofía e Psicoloxía: 772

Para analizar estes datos débese ter en conta que a BX está constituída fundamentalmente por coleccións de Humanidades e Ciencias Sociais e é lóxico polo tanto que sexan estas materias as que teñen máis demanda. O apartado de Ciencia, cun número de préstamos que podería parecer significativo, é excesivamente amplo, posto que abarca todo o campo científico, coa excepción de Medicina, Farmacia e Tecnoloxía. Para poder ter datos máis axeitados, no / ano 1991 a súa recollida faráse de xeito máis pormenorizado, especialmente nos grupos de Ciencias Sociais e Ciencia.

A reprografía da BX puxo a disposición dos usuarios 11.412 artigos de prensa, revistas, monografías esgotadas e seccións menores de monografías á venda. 7.219 solicitudes (63%) fórono de prensa diaria, 2.393 (21%) de monografías. Dado que no ano 1990 non foi posible proceder á reestructuración das instalacións da Biblioteca, tampouco foi posible dispoñer dunha fotocopiadora en acceso directo. Posto que no derradeiro Convenio para o persoal laboral se contempla a instalación destas máquinas en tódalas Bibliotecas, / agardamos poder dispoñer deste servizo en 1991.

O Servizo de Información Bibliográfica e Referencia atendeu 4.513 consultas, que poden ser divididas en 2 grupos:

- Consultas non bibliográficas (sobre horarios, ubicación e funcionamento de servizos ...) : 1.768. Destas consultas a porcentaxe maior, 22%, referíronse á ubicación de servizos, o que amosa 2 feitos:

a) O Pazo de Fonseca é pola súa ubicación no centro da cidade un / lugar idóneo para a instalación da BX, pero as características internas do / edificio plantexan abundantes problemas de circulación.

b) O sistema de sinalización do edificio é malo, o que se fixera / evidente hai anos. Estáse pendente da ampliación das instalacións para modificalo.

- Consultas bibliográficas: 2.745. Constitúen este grupo, ademais das demandas de bibliografía propiamente ditas, outras consultas sobre identificación bibliográfica, fondo antigo da Biblioteca, etc. Dentro delas, o grupo máis numeroso (20%) constituírono as consultas sobre o manexo dos catálogos da Biblioteca.

Do conxunto das 4.513 consultas, soamente 78 (2%) non foron satisfeitas e 38 (1%) foron desviadas a outras Bibliotecas ou Centros de Documentación que podían resolvelas máis satisfactoriamente.

Por tipos de usuarios o maior número de demandas foron plantexadas por estudantes universitarios (53%), debéndose destacar tamén que un 26% / de demandas foron plantexadas por usuarios externos á Universidade.

Os meses de máis consultas foron outubro e novembro, o que resulta lóxico si temos en conta que é neses meses cando se incorporan á Universidade moitos novos alumnos que teñen máis dificultades para o uso dos servizos. Como é lóxico non se confirmou a forte demanda que se plantexou en 1989 no mes de agosto.

As actividades de formación de usuarios da BX desenvólvense en 2 liñas. A primeira vai dirixida a profesores, investigadores e alumnos do 3º Ciclo, e ten como fin a formación nas técnicas e fontes de recuperación da información, así como nalgúns aspectos da metodoloxía do traballo científico. En 1990 realizouse un curso deste tipo para o Departamento de Historia II da Facultade de Xeografía e Historia. Como ocorrira nos realizados / en 1989, a BX ocupouse do currículo correspondente a soportes de información, teledocumentación, acceso ó documento, técnicas de citas e fontes / bibliográficas interdisciplinares, mentras que a Biblioteca da Facultade impartiu a parte correspondente ás bibliografías especializadas.

Hai que resaltar que nos Cursos de Doutoramento ofertados por Departamentos da Facultade de Filosofía e CC. da Educación introducíronse 2 créditos sobre Métodos de investigación documental que se desenrolarán nos cursos 1990-1991 e 1991-1992, e serán impartidos por persoal da BX e da Biblioteca do Centro.

Xa na Memoria de 1989 se sulíanaban as dificultades para artellar dende a BX a formación dos alumnos na utilización das bibliotecas, formación que debe ir sendo paulatinamente asumida polas Bibliotecas de Centros.

Esta segunda liña de formación desenvolveuse na BX continuando / coa realización de visitas guiadas que se celebraron os martes de tódalas semanas do curso escolar. En 1990 asistiron 171 alumnos, sendo os máis numerosos os das Facultades de Filoloxía e Filosofía e CC. da Educación. Nestas visitas ofrécese información sobre servicios da BX, horarios, requisitos para acceder ós servicios, manexo de catálogos... Sin dúbida é necesario publicitar máis estas visitas, pero esta publicidade ten que ser previamente valorada, mentras non se conte con máis plantilla para facer frente á demanda.

Como complemento destas actividades formativas, a BX editou a fins de 1990 2 folletos sobre as Bibliotecas da Universidade de Santiago e sobre o Servicio de Préstamo Interbibliotecario.

Neste ano continuouse facendo a difusión bibliográfica mediante a elaboración de Boletíns de Novas Adquisicións e de Sumarios de revistas, así como a traveso de exposicións bibliográficas. En 1990 fixéronse as / seguintes mostras:

Cine en Libros (16 a 19 de xaneiro), no marco das Xornadas da Filmoteca Española organizadas pola Aula de Cine. Expuxéronse fondos da BX, da Btca. da Facultade de Xeografía e Historia, da Filmoteca Española e de bibliotecas particulares.

Luís Pimentel. Día das Letras Galegas. (15 a 31 de maio). Contouse coa colaboración da Biblioteca Penzol e das Bibliotecas Públicas de Lugo, Ourense e A Coruña, así como coa inestimable axuda de D. Ramón Piñeiro e Don Xesús Alonso Montero. As fotografías foron cedidas por Dna. Araceli Herrero.

Dende aquí a BX quere mostrar testemuña de agradecemento á memoria de D. Ramón Piñeiro, que colaborou sempre con esta Biblioteca, tanto co seu valioso asesoramento como emprestando a súa documentación particular.

Muller e educación en España 1868-1975 (25 de setembro a 11 de outubro), en colaboración co IV Coloquio Español de Historia da Educación. Expuxéronse fondos da BX, Btca. da Facultade de Filosofía e CC. da Educación e Bibliotecas das Escolas Universitarias de Formación do Profesorado de E.X.B. de Santiago e Lugo, así como algúns exemplares de bibliotecas particulares. O Coloquio publicou o correspondente Catálogo redactado pola BX.

Facsímiles de Manuscritos da Biblioteca Universitaria (3 a 20 de decembro). É a segunda mostra realizada coas adquisicións que a BX ven realizando nos últimos anos co fin de completa-las súas coleccións de manuscritos.

Colaborouse tamén coa exposición Rubens en La Coruña (A Coruña, 25 de abril a 9 de xuño), organizada polo Museo de Bellas Artes desta cidade e o Ministerio de Cultura. Nela estiveron expostas dúas edicións das Metamorfosis de Ovidio de 1595 e 1619 propiedade desta Universidade.

O servizo de préstamo interbibliotecario e acceso ó documento é a lóxica continuación do servizo de información e referencia. Unha vez / que o usuario conta coa información bibliográfica, precisa a súa consulta e polo tanto a obtención dun bo número de documentos que non existen nas coleccións da BU. Esta tarefa é desenrolada fundamentalmente por 2 puntos de servizo dentro da BU: a BX e a Biblioteca da Facultade de Medicina, xogando / tamén un papel importante as restantes Bibliotecas de Centros que actúan de ponte entre a BX e os usuarios. Para axilizar este entramado, con moitas implicacións económicas e administrativas, en febreiro de 1990 sistematizáronse as normas do servizo co fin de non duplicar esforzos e millora-las prestacións ós usuarios.

En 1990 a BX recibiu un total de 7.448 solicitudes de documentos, o que significou un incremento do 55% sobre a demanda do ano anterior. Destas solicitudes 6.886 foron demandas de reproducións de documentos, téndose recibido a fins de ano 5.360, canceladas polos propios usuarios 337 e / sendo imposible de obter 168, xa que nelas existían erros na cita bibliográfica que impediron a súa localización. Das 1.021 solicitudes restantes, 598 corresponden ó último trimestre do ano e polo tanto atópanse dentro dos prazos habituais de recepción.

As solicitudes de documentos orixinais foron 562, téndose recibido neste ano 514 documentos, dos que 409 corresponden a solicitudes do ano e 105 a solicitudes que quedaran pendentes en 1989.

A análise dos datos por solicitantes indica unha evidente correspondencia coas formas de transmisión dos coñecementos científicos nas diversas áreas e co seu grao de obsolencia. Asía as bibliotecas de Bioloxía e / Farmacia son as que teñen un maior número de solicitudes sobre documentos / reproducidos (24% e 19% respectivamente do total de solicitudes), mentras / que as Bibliotecas de Filoloxía, Filosofía e CC. da Educación e Xeografía e Historia teñen as maiores demandas de documentos orixinais (15%, 12% e 9% / respectivamente do total de solicitudes).

Este servizo atende tamén ademais dos seus propios usuarios as demandas das Bibliotecas das Universidades da Coruña (725 solicitudes) e Vigo (655 solicitudes).

Como provedora de documentos a outras Bibliotecas a BX recibiu / 1.500 solicitudes, das que 1.341 foron satisfeitas mediante reproducións dos fondos da BU, e 68 mediante o préstamo de documentos orixinais. Non se poideron satisfacer 91 solicitudes ó non corresponder ós fondos existentes nesta Universidade. Estas solicitudes procederon fundamentalmente doutras / Bibliotecas Universitarias do Estado, e tamén de Bibliotecas de diferentes tipos, nacionais e extranxeiras. Neste apartado hai que resalta-lo incremento das demandas sobre as coleccións da BU (1989: 352 solicitudes, 1990: 1.500 solicitudes).

Dadas as condicións en que se realiza este servizo, é imposible / obter datos que poidan servir para avalia-las lagoas bibliográficas da Biblioteca Universitaria, xa que é posible que parte das demandas xiren en / torno ós mesmos títulos de revistas e a iguais segmentos cronolóxicos, o que faría máis rentable a adquisición desas coleccións que o recurso contínuo ó servizo de PI. A posibilidade de obter datos para esta análise, ademais / das múltiples rutinas administrativas e económicas a que da orixe o servizo e polo tanto a grande cantidade de efectivos de persoal necesarios nel, fan

urxente a súa automatización así como un reforzo na súa plantilla, si se quere seguir prestando en condicións medianamente satisfactorias para o usuario. De calquera xeito, é preciso ter en conta que unha marxe de fracaso é perfectamente explicable e non correxible dende o servicio, ó depender das condicións en que realizan o seu traballo outras bibliotecas nacionais e estranxeiras. Así neste ano observouse que diminuiu considerablemente a celeridade no envío de documentos orixinais da Library of Congress.

PERSOAL

No ano 1990 a BX contou co seguinte persoal:

Escala Facultativa de Arquivos e Bibliotecas (Sección Bibliotecas): 5
(2 deles incorporados no mes de novembro).

Escacala de Axudantes de Bibliotecas: 16 (5 vacantes).

Escala de Auxiliares Administrativos: 3 (1 deles incorporado en novembro).

Porteiro Maior: 1.

Oficiais de Biblioteca: 13 (1 vacante cuberta en data 18-V-90 sin terse incorporado aínda á Biblioteca).

Conserxes: 2 (2 vacantes, cubertas en data 18-V-90 sin terse incorporado aínda á Biblioteca).

Os funcionarios da Escala Facultativa ocupan as prazas de Dirección, Subdirección Técnica, Subdirección de Coordinación, Xefe de Sección de Procesos Técnicos e Xefe de Sección de Servicios da BU.

A Escala de Axudantes distribúese no organigrama do seguinte xeito:

Negociado de Adquisicións: 2

Negociado de Publicacións Periódicas: 2

Negociado de Mantemento de Fondos: 1

Negociado de Información e REferencia: 2 1/2 (un funcionario comparte a súa xeira entre este Negociado e o de Catalogación)

Negociado de PI: 1

Negociado de Fotodocumentación: 2

Negociado de Préstamo: 1

Negociado de Catalogación: 1 1/2

Negociado de Galicia: 1

Negociado de Lectura en Sala: 2

Nos Negociados de Adquisicións, Publicacións Periódicas, Información, Fotodocumentación e Lectura en Sala, parte das prazas indicadas están cubertas provisionalmente por contratados ou por funcionarios que permanecen agardando o seu destino. A provisionalidade continúa de persoal no ano 1990 distorsionou / bastante os traballos da Biblioteca, que ademais tivo que desplazar persoal, / que ocupa prazas provisionais, a vacantes producidas nas bibliotecas de Centros.

A Escala de Auxiliares Administrativos ocupa 1 praza de Negociado de Asuntos Administrativos, 1 praza base que desenrola funcións de secretaría de Dirección, e 1 praza base de apoio ós Negociados de Publicacións Periódicas e de Fotodocumentación.

A categoría de Oficiais de Biblioteca declarouse a extinguir no Convenio Colectivo para o Persoal Laboral das Universidades Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, agardándose o nomeamento no Grupo IV como Auxiliares / Técnicos de Bibliotecas.

